

# Plan Proxecta:



- <http://www.fotografiaencurs.org/es>
- <http://bloc.fotografiaencurs.org/es>



*“ Hoy en día la imaginación visual de la gente es mucho más sofisticada, mucho más desarrollada, en particular en los jóvenes , que usted puede hacer una fotografía que ligeramente sugiera algo, que ellos harán de ella lo que deseen “*

***Robert Doisneau - Weekend Guardian (Londres, 4 de Abril de 1992).***

# La Mirada de Soslayo

**ROBERT DOISNEAU**

El Escaparate de Romi



# Comentar unha imaxe




# Comentar unha imaxe



# Square du Vert-Galant

1950





## A historia que conta.

Un home, un día de inverno, despois dunhas copiosas chuvias, todo inundado. Chegou ata onde puido, xa non hai volta atrás. Sigo ou non sigo. Salto ao baleiro. É probable que se molle. Non queda mais remedio, hai que saltar.

Mentres o **fotógrafo** observa a situación, hai un **traballador** que deixou a súa carreta a un lado para observar que pasa definitivamente. Algo nos incita a mirar. Imos esperar a ver que acontece. Parece distraído pero en realidade esta mirando. A **escada** tombada no chan e as **ondas** na auga denotan o coidado que tivo o protagonista para chegar ata alí. Só ao final rompeu o equilibrio e moveu a auga ao saltar. Por outro lado temos a **amazona** ou a **equilibrista** do circo en contraposición ao protagonista. Toda graza e harmonía fronte ao aparente malestar e pouca axilidade do saltador.

Que pasará definitivamente?




Que elementos poderían ser importantes nesta fotografía?


- **home** e a súa sombra,
- a **escalerita** dende a que salta,
- a **amazona** do circo Railowsky e
- o **home** que observa a escena.

Se vos fixades nas liñas que unen a uns e outros todos parecen estar relacionados **compositivamente**.






Comprimiendo el centro




Raíz de cinco, despejando el centro





# O Histograma

O histograma é unha representación gráfica da distribución dos distintos tons dunha imaxe. Pode axudarnos para controlar a exposición nas nosas fotos, así como para corrixir as cores.



O eixe horizontal representa os diferentes tons de gris dende o negro puro (á esquerda) ao branco puro (á dereita).


O eixe vertical representa o número de píxeis que contén a imaxe para cada ton representado no eixe horizontal.

# Diagnosticar a exposición dunha imaxe

- O **histograma** axudaranos a facernos unha idea de como é de correcta a exposición dunha imaxe. Así, nunha fotografía **subexposta** a gráfica tenderá a desprazarse á esquerda e nunha fotografía **sobreexposta** tenderá a desprazarse á dereita. Unha imaxe que conteña todos os tons de grises terá un histograma máis ou menos uniforme ao longo de todo o eixe horizontal.
- Que o **histograma** teña unha forma determinada non ten porqué significar que a imaxe estea **incorrectamente exposta**. Dependerá do que busque o fotógrafo no momento de facer unha foto. Non obstante hai certos marcadores que nos axudarán a detectar certas situacións doadamente corrixibles no momento de facer a foto.


# Tons apagados

- No **histograma** pode observarse que a imaxe está **escura**. A gráfica ten a desprazarse á esquerda e na parte dereita non hai información (non hai puntos brancos). Se houberse moitas zonas totalmente negras representaríanse como un pico no extremo esquerdo da imaxe.




# Sombras ou zonas escuras

- O **histograma** dunha foto con moitas zonas en **sombra** ou gran parte da foto en **negro** caracterízase por ter un pico no extremo esquerdo do histograma. No exemplo podemos ver como toda a **zona negra** da foto queda reflectida no devandito pico no histograma.



# Sobreexposición e zonas queimadas

- Este é o **histograma** característico de imaxes **sobreexpostas** ou que teñen zonas **queimadas**. Nel a gráfica tende a desprazarse á dereita e prodúcese un pico no extremo dereito da gráfica, que representa as zonas queimadas.



# Sombras pálidas


- Este é o **histograma** característico de **imaxes pálidas**, sen zonas escuras. Non hai zonas queimadas porque non hai un pico na zona dereita. Non obstante observamos que na zona esquerda da gráfica non hai información ningunha. Isto é **porque non hai zonas negras**.






# Contraluz




- O **histograma** característico das **contraluzes** tem forma de **U**. Cada "pata" da **U** representa as zonas escuras e as claras da imaxe. A gráfica avúltase na parte **esquerda** polas **zonas escuras** e na **dereita** polas **zonas claras**, habendo poucas zonas grises (zonas intermedias).



# Distribución homoxénea

- O **histograma** dunha foto **homoxénea** distribúese ao longo de **todo o eixe horizontal**. Ao non haber zonas queimadas nin excesivamente escuras encontraremos picos nin grandes "montañas" na gráfica. É importante saber que o feito dunha distribución sexa homoxénea non sempre significa que a imaxe está correctamente exposta. Dependerá estritamente das características tonais da imaxe.






# Utilizar o histograma da miña cámara

- Moitas das cámaras dixitais incorporan a funcionalidade de activar o histograma na visualización das fotos para poder corrixilas. Esta funcionalidade a miúdo marcará as zonas excesivamente claras (queimadas), así como as zonas excesivamente escuras. Le o manual da túa cámara para descubrir se este modo está activado e se non é así, actívalo. Servirache como referencia para corrixir as fotos e non perder ningunha oportunidade.

981-8570



sRGB

0 0

Av

31/08/'06 14:59

0"5 9.0 +2

9/9

L4. 35MB ISO200

- Un momento no que esta funcionalidade é especialmente útil é nos días moi soleados, nos que a visualización na pantalla da cámara non coincide co resultado final unha vez descargada a foto ao ordenador. Neste caso é máis que recomendable confiar no histograma máis que no resultado visualizado a través da pantalla da cámara.

# Lembrade

- A foto empeza pola vosa **MENTE**
- Os OLLOS no son as fontes, senon as **VISIONS MENTAIS**
- A Foto é unha **MENSAXE** que transmite sensacións
- O fotógrafo aprende **MIRANDO**. Polo tanto temos que aprender que **incluir** e que **rexear** nun encadre.
- Permítenos averiguar como é o mundo que vos vedes.

# Que é un "espazo baleiro"?

- **Espazo baleiro:**

Que non está ocupado, especialmente por aquilo que está destinado a conter. A definición indica que un espazo baleiro se define por estar baleiro de algo, é dicir, por unha ausencia.

As fotografías de espazos baleiros non teñen como única característica o feito de que non haxa persoas, figuras ou elementos relevantes, senón que son as eleccións dos fotógrafos as que fan que vexamos un espazo como espazo baleiro: o **encadre**, a distribución dos elementos neste encadre, a **distancia** e a **luz** constrúen unha determinada configuración do espazo que fai que sintamos ou non o baleiro. Son precisamente estas eleccións as que tamén fan que as fotografías de espazos baleiros teñan unha gran potencia evocadora e un gran valor fotográfico.

# As fotografías de Espazos baleiros xeran moitas preguntas:

- Que é un espazo baleiro?
- Calquera lugar sen xente é un espazo baleiro?
- Ou un espazo baleiro, para selo, ten que poder estar tamén habitado?
- Como foi fotografado para restituír o baleiro? Como é o primeiro termo da imaxe? E a disposición dos outros elementos no encadre?
- Que nos suxiren estes espazos? Que emocións e sensacións destilan?

## Que supón fotografar espazos baleiros?

- En primeiro lugar, supón aproximarse ao **entorno** dun xeito sensible, observándoo e analizándoo, conferíndolle importancia a través da **mirada** (con cámara e sen ela). Supón, polo tanto, utilizar a fotografía como unha ferramenta de exploración do ámbito, como ferramenta documental que nos axuda a describir, analizar, valorar e narrar un lugar.

Axúdanos tamén a observar as **características formais do espazo**: os volumes e as superficies que o configuran; o carácter, disposición e cores dos elementos que o poboan; a incidencia da luz sobre o mesmo espazo e sobre os seus elementos (sombras, horas do día...). Na nosa busca do baleiro, o traballo tamén nos permite ver como o espazo xera sensacións e como a fotografía as pode potenciar (nostalxia, desasosego, calma, abatemento...).



# A práctica dos Espazos baleiros pon en xogo dous aspectos fundamentais:

1. A **busca de lugares interesantes** en relación coa idea de espazo baleiro e, polo tanto, a exploración do ámbito.
2. O traballo sobre os aspectos básicos da **técnica fotográfica** e a **exploración dos parámetros fundamentais**:
  - **O encadre**: tanto os límites da imaxe coma a disposición dos elementos no interior do encadre.